

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA AS 20:30 HORAS

**VARELA E DOCASAR ARROUPAN A PEDRO RODRÍGUEZ PALACIO
COMO “A ALTERNATIVA AOS INCUMPRIMENTOS DO GOBERNO DO
PP EN PANTÓN”**

O alcaldable socialista afirmou que as súas promesas “non caerán en saco roto como todas as promesas do actual equipo de goberno, senón que apostamos por unha idea de goberno dinámica, con vontade de desenvolver o municipio”

O senador Ricardo Varela afirmou que “o PSOE fixo máis por Pantón exercendo de oposición que o PP no goberno local”

O deputado autonómico Vicente Docasar, pola súa banda, animou aos veciños e veciñas de Pantón a optar por un novo equipo ao fronte do concello para non avalar co seu voto ao “dúo austericida” formado por Rajoy e Feijóo, responsables da ruína do noso sector gandeiro e dos recortes en Sanidade, Educación e Dependencia

Pantón, 19 de maio de 2015.- O senador lucense –Ricardo Varela- e o deputado autonómico –Vicente Docasar- arrouparon esta tarde ao candidato do PSOE en Pantón –Pedro Rodríguez Palacio- nun mitin no que o alcaldable se comprometeu a “cambiar as cousas e mellorar o concello”.

Neste senso, Rodríguez Palacio indicou que o seu proxecto se presenta “como unha oportunidade de cambio, como unha alternativa ás políticas do PP que non creen no futuro e non plantexan nada”. Afirmou que as súas promesas “non caerán en saco roto como todos os incumprimentos do actual equipo de goberno, senón que apostamos por unha idea de goberno dinámica, con vontade de desenvolver o municipio”.

A este respecto, o socialista lembrou que o municipio “a pesar das continuas promesas do PP non ten aprobado o Plan Xeral de Ordenación, polo que non se pode construír en ningún núcleo, agás en Ferreira e Goián, o que impide fixar poboación, xa que nin sequera os fillos poden construír e quedar a vivir na aldea dos seus pais. Nós queremos solucionar isto e asesoraremos ademais aos veciños e veciñas para que poidan construír con seguridade xurídica e facilitaremos o remate das vivendas inacabadas”.

Sobre os incumprimentos do goberno municipal, tamén quixo facer referencia á creación da residencia da terceira idade e do polígono industrial que levan o mesmo rumbo que a aprobación do Plan Xeral. Pola contra, “os socialistas loitaremos para conseguilo e executar os proxectos” aseverou o alcaldable e,



engadiu que “ a falta de solo industrial impide o establecemento de empresas, a creación de emprego e o desenvolvemento económico do municipio, polo que nós comprometémonos a facer realidade o polígono nos dous primeiros anos de goberno”.

Oposición activa

Nesta mesma liña coincidiu o senador Ricardo Varela, quen afirmou que “o PSOE fixo máis por Pantón exercendo de oposición que o PP no goberno local”. Por iso, aseverou que “o proxecto de Rodríguez Palacio é a única alternativa viable de futuro para os veciños e veciñas de Pantón, para mellorar a súa calidade de vida e atender as súas verdadeiras necesidades”.

O deputado autonómico Vicente Docasar, pola súa banda, animou aos veciños e veciñas “a optar por un novo equipo ao fronte do concello para non avalar co seu voto ao “dúo austericida” formado por Rajoy e Feijóo, responsables da ruína do noso sector gandeiro e dos recortes en sanidade, educación e dependencia”.

A Casa do Pobo

Un dos piares do proxecto de Rodríguez Palacio é transformar o concello na “Casa do Pobo”. Para iso, o alcaldable aposta pola transparencia económica e de xestión absoluta, incluíndo na páxina web as actas de plenos e comisións, contas ordenanzas, normativas e modelos de instancias. Ademais indica que “axudaremos e orientaremos aos veciños e veciñas nas peticións de permisos ou licenzas e nos trámites das subvención axilizando as contestacións”. Asemade, promoverán a participación cidadá nos Plenos e crearán unha oficina de axuda aos estranxeiros que queiran vivir en Pantón.

Servizos sociais de calidade

Promover uns servizos sociais básicos de calidade será outro dos obxectivos dos socialistas. Para iso, pretenden xestionalos dende a ética e o respecto á dignidade das persoas, primando a confidencialidade, anticipando e previndo situacións de risco social. “Xestionaremos de maneira estruturada o servizo de axuda no fogar, de educación e apoio familiar, o xantar na casa, e os programas de valoración e orientación, inserción social e fomento da cooperación e solidariedade” indicou.

Por outra banda, o proxecto socialista pretende establecer axudas ás familias con nenos e nenas que se queiran asentar no municipio e crearán un banco de vivendas en aluguer ou venda. Ademais, segundo explicou o alcaldable, “facilitaremos a conciliación familiar ampliando todo o que sexa necesario os horarios da Galescola e do colexio”.

